

## INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL SOBRE A REMISIÓN DE SOLICITUDES DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO ELECTRÓNICO OFICIAL (TEO)

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO:** o título IV do Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da Universidade da Coruña (DOG nº 241, do 17 de decembro do 2014) regula o Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) como mecanismo de publicidade oficial dos acordos, resolucións, comunicacións, trámites electorais e demais actos administrativos dos órganos da Universidade da Coruña que deban publicarse por virtude de disposición legal ou regulamentaria, xerando unha serie de efectos xurídicos os destinatarios e, en xeral, na cidadanía, como é, por exemplo, o cómputo dos prazos administrativos.

**SEGUNDO:** desde a súa posta en marcha en febreiro do 2015, a experiencia acumulada na xestión do TEO permitiu detectar algúns aspectos merecedores dunha máis precisa regulación, que dote de maior seguridade xurídica e axilidade, a aplicación desta ferramenta de publicidade oficial no que se refire as solicitudes de publicación por parte das persoas autorizadas (*Emisores con insírase*” (ECI)) e a posterior publicación por parte da Secretaría Xeral.

**TERCEIRO:** a disposición adicional terceira do Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da Universidade da Coruña habilitou á Secretaría Xeral para desenvolver esta normativa e refundir as normas de procedemento afectadas por esta, ditando cantas instrucións sexan necesarias para a súa correcta aplicación.

De acordo co anterior e ao abeiro do artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

### RESOLVO

**PRIMEIRO:** establecer que o prazo para a publicación no TEO conta a partir do día seguinte en que se reciba a solicitude na Secretaría Xeral.

Por tanto, os Emisores con Insírase (ECI) deberán solicitar a publicación no TEO cunha antelación mínima que permita dispoñer, dun día laborable completo, segundo o calendario laboral da UDC, entre o momento da solicitude e a data de publicación do anuncio.

SEGUNDO: os ECI incluirán na aplicación informática do TEO o documento ou documentos cuxa publicación solicitan, nas dúas linguas cooficiais, de acordo do previsto no artigo 5 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, en conexión coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do sistema universitario de Galicia, os artigos 11 e 12 da Lei estatal 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e do artigo 15 do Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica.

TERCEIRO: os documentos serán enviados en formato electrónico PDF, xerados directamente cunha aplicación informática e non escaneados.

CUARTO: as solicitudes de anuncio que non cumpran estes requisitos ou que presenten defectos de formato serán devoltas pola Secretaría Xeral para que se emenden os defectos ou erros detectados.

A Coruña, 27 de xullo do 2016

O secretario xeral  
Carlos Ignacio Aymerich Cano